


COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril na España do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos á evolución dos sectores téxtil e siderúrxico e as súas diferenzas rexionais, así como ás características do desenvolvemento ferroviario español e os seus efectos sobre o conxunto da economía.

Doc. 1. Importación de algodón en rama pola aduana de Barcelona:



Doc. 2. Producción de ferro coado en España 1861-1900 (millares de toneladas):

ANOS	MÁLAGA	SEVILLA	OVIEDO	BISCAIA	OUTROS	TOTAL
1861-65	12,43	2,22	13,17	11,73	6,10	45,65
1866-70	1,91	1,36	19,24	10,73	9,32	42,56
1871-75	3,08	1,38	24,90	8,72	7,45	45,53
1876-80	3,36	1,43	28,84	17,24	11,7	62,57
1881-85	1,51	1,38	40,08	76,71	11,91	131,59
1886-90			33,18	138,97	2,07	174,22
1891-95			44,30	?		185,49
1896-1900			52,10	227,69	9,45	289,24

Doc. 3. En febreiro de 1851 o diario conservador *El Heraldo* facíase eco da Inauguración do ferrocarril Madrid-Aranxuez:

“Poucas solemnidades viu Madrid desde a súa fundación que poidan compararse en brillo, (...) en esperanza do porvir, á que presenciou o domingo. A inauguración do ferrocarril de Aranjuez é o primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar; é o anuncio seguro de que tarde ou cedo os ricos produtos de Castela, da Mancha e dalgunhas provincias meridionais, estancados hoxe, e afogando na súa improdutivo abundancia ao seu mesmo produtor, impedindo a creación de capitais, e deixando ermos campos feraces que poderían alimentar a metade de Europa, lograsen baleirarse nos grandes mercados do mundo, e cambiarse polos produtos que necesitamos e de que carecemos”.